

ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DESIGNADO PARA A SELECCIÓN DUN/HA TÉCNICO/A EN XESTIÓN FORESTAL – RURAL ACTIVO 2026

SESIÓN DO 26/05/2026

Asistentes:

Presidenta: María Mariño Poza

Vogais:

José Andrés Coira Silva

M^a Dolores Franco López

Carmen Saavedra Pego

Secretario:

Martín Blanco Buceta

No Salón de Plenos do Concello de Boiro, sendo as 08,00 horas do 25/05/2026, reúnense os membros do tribunal designado para selección dun/ha técnico/a en xestión forestal laboral temporal.

As bases reguladoras deste proceso de selección son as aprobadas por Resolución de Alcaldía de data de 10/04/2026.

O obxecto desta sesión é a resolución de posibles alegacións e proposta de contratación.

1.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES:

Consta escrito presentado pola candidata D^a Nerea Fernández Arévalo, que se ben non realiza alegacións sobre a corrección nin ás puntuacións que obtivo nas probas realizadas, en síntese expón unha disconformidade en canto ós tempos de realización do segundo exercicio entre os candidatos, ao iniciarse en momentos distintos, así como a suposta resposta a unha chamada telefónica durante o desenvolvemento da oposición.

Unha vez revisado polos integrantes do tribunal o escrito cos feitos expostos por esta candidata, faise preciso aclarar que estas manifestacións non se corresponden coa realidade. En concreto, o segundo exercicio (caso práctico) realizouse inmediatamente despois do primeiro exercicio (tipo test), ofrecéndose a ambos candidatos a posibilidade de realizar unha pausa entre exercicios. Os dous aspirantes fixeron uso desta pausa, sendo en todo momento controlados polos membros do tribunal os tempos dispoñibles para a realización das probas, sen que ningún dos candidatos excedese o tempo máximo establecido.

Así mesmo, aínda que consta que soou o teléfono móbil dun dos aspirantes, non se produciu ningún tipo de comunicación nin interacción durante o desenvolvemento do proceso selectivo, polo que non se derivou ningunha situación de vantaxe nin quebra do principio de igualdade.

En consecuencia, non se aprecia a existencia de irregularidades que puidesen afectar ao normal desenvolvemento do proceso selectivo nin ao principio de igualdade entre aspirantes.



2ª PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:

O tribunal, por unanimidade, unha vez vistas as puntuacións resultantes do proceso selectivo, acorda realizar proposta de contratación a favor de **D. Santiago Sobrino Toucedo con DNI 76896953H** como técnico en xestión forestal, e establecer como candidata de reserva a D^a Nerea Fernández Arebalo con DNI 35609177W.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

María Mariño Poza

José Andrés Coira Silva

M^a Dolores Franco López

Carmen Saavedra Pego

Martín Blanco Buceta

